



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no Foro Infantil Unicef 2013

Parlamento de Galicia, 20 de novembro de 2012 / 12.00h.

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia,
Deputados e deputadas,
Presidente e coordinadora de UNICEF Galicia,
Profesorado,
Queridos nenos e nenas,

Hoxe é un día importante para calquera neno do mundo, pois un día 20 de novembro coma o de hoxe, e por iniciativa de UNICEF, xurdiu en 1959 a idea de crear uns dereitos específicos da infancia.

Mais non foi ata 1989, case corenta anos despois, cando se asina a “Convención sobre os dereitos do neno”, é dicir, o Código onde figuran todos os vosos dereitos.

Para vós, nenas e nenos nados nun estado de benestar (social de dereito) pode parecervos que estes dereitos que estamos a celebrar estiveron sempre aí, agardando a que alguén os publicitara ou, como se di hoxe, os puxera en valor. E podeades pensar tamén que estes dereitos son un agasallo que vos corresponde e que ninguén vos pode arrebatat.

Convén que saibades que a principios do século pasado, aínda en 1900, nos Estados Unidos de América loitaban pola abolición do traballo infantil. Cómpre que coñezades que aínda hoxe hai nenas e nenos no mundo sometidos, vítimas de abuso, maltratados, vendidos, escravizados.

É necesario que non esquezades, pois, que neste mundo da abundancia e do benestar hai millóns de nenos que morren de fame e de sede.



Non podeades descoñecer que hai cativos que nunca na súa vida viron un xoguete, nin a auga corrente, nin o mar. Nin moito menos a televisión, nin o teléfono, nin a tableta...

E que hai nenos e nenas que xa gozaban deses dereitos e que unha situación de guerra ou de catástrofe os deixou sen eles.

Quero lembrar, neste momento, os milleiros de falecidos e os millóns de afectados –moitos deles nenos- que deixou tras de si o tifón en Filipinas. E síntome na obriga de efectuar un chamamento á solidariedade colectiva para que cadaquén, desde as súas posibilidades, trate de achegar a súa axuda aos que nada teñen a través das diferentes organizacións que traballan sobre o terreo prestando asistencia directa aos afectados, como o están a facer UNICEF e tantas outras entidades.

Vosoutros, os nenos e nenas aquí presentes, traballastes estes días sobre catro dereitos: dereito á educación, á saúde, á igualdade e á participación.

Pero hai moitos nenos que están a demandar aínda uns dereitos máis básicos para eles, o dereito á vida, a un nome, a unha familia... e que todos vosoutros tedes desde que nacestes.

Todo dereito comporta canda el unha obriga. Cando falamos do dereito á educación e reclamamos o dereito constitucional a un ensino universal e gratuíto temos que lembrarnos da obriga que tedes de tirar bo proveito dela.

Calcúlase que hai arredor de 57 millóns de nenos sen escolarizar no mundo actual; digo ben, 57 millóns de nenos que non poden ir á escola. Pensade neles e no privilexiados que sodes cada vez que vos dea preguiza madrugar ou facer os deberes; pensade nos millóns de nenos e nenas aos que lles gustaría aprender e non poden facelo.



Tedes o dereito á saúde e a unha asistencia sanitaria, mais non podeades esquecer a obriga de coidar a vosa saúde e non poñela gratuitamente en perigo consumindo substancias perigosas para ela.

O dereito á igualdade supón o convencemento por parte de todos vós de que as relacións teñen que ser sempre simétricas, entre iguais. Ninguén, por ser dun sexo diferente, é superior a ninguén. Rapaces e rapazas tedes as mesmas capacidades e potencias. E a obriga de considerar o “outro” ou “outra” no mesmo plano de igualdade, sen acoso, sen *bulling*.

E como resultado desas capacidades e potencias tedes o mesmo dereito a participar na vida pública e privada en condicións de igualdade. E a obriga de o facer.

A sociedade precisa de cidadáns participativos que acheguen o mellor deles a prol do ben común.

Tedes aínda, novos como sodes, a posibilidade de traballar polos demais a través do voluntariado.

Hoxe facedes un simulacro da vosa participación pública. Non vos esquezades disto.

A sociedade agarda por vós para que rapaces e rapazas, convertidos en cidadáns responsables que exercen, defenden e honran os seus dereitos, lle ofrezan o mellor de cada un deles.

O Parlamento, casa da palabra de todos os cidadáns, espera por vós.

Preparádevos ben. Agardámosvos.

Moitas grazas.